

# CIRCULAR 257

The background of the entire page is a repeating pattern of stylized, thick-lined swirls. The swirls are rendered in two colors: a vibrant purple and a dark brown. They are arranged in a way that creates a sense of movement and depth, with some swirls appearing to lead the eye towards the center of the page.

INFORMATIVA DO  
COLEXIO OFICIAL DE  
PSICOLOXÍA DE GALICIA

XANEIRO 2016

OS CAMIÑOS DA PSICOLOXÍA

## XUNTA DE GOBERNO



**Mª Rosa Álvarez Prada**

Decana



**Hipólito Puente Carracedo**

Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación / Responsable da Páxina Web



**Rocío García Calvo**

Secretaria



**Mª Concepción Prado Álvarez**

Vicesecretaria / Responsable de Emprego / Responsable do Fondo Bibliográfico e Psicométrico



**Miguel Ángel Chouza Ponte**

Tesoureiro / Responsable de Servizos Colexiais e de Formación



**José Luis Domínguez Rey**

Vogal / Responsable da Circular Informativa / Correspondente de Infocop e Coordinador coa Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións



**Olegaria Mosqueda Bueno**

Vogal / Coordinadora coa Sección de Psicoloxía Educativa



**Ana Isabel Martínez Arranz**

Vogal / Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)



**Eva Muíño Gómez**

Vogal / Coordinadora do Grupo de Traballo de Tráfico e Seguridade



**José Manuel Oreiro Blanco**

Vogal / Responsable de Cadernos de Psicoloxía e Coordinador coas Seccións de Psicoloxía da Intervención Social e Xurídica



**Marta Rivas Rodríguez**

Vogal / Coordinadora coa Comisión de Ética e Deontoloxía



**Mª Concepción Rodríguez Pérez**

Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero / Responsable de Dinámica Sociocultural



**Víctor Manuel Torrado Oubiña**

Vogal / Coordinador coa Sección de Psicoloxía e Saúde

### PRÓXIMA CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG

Será a N° 258 de marzo de 2016,  
e sairá a principios do mes de marzo de 2016.  
A información terá que ser remitida como data límite  
o 15 de febreiro.

5	<b>Información Xeral</b>
14	<b>Información das Seccións</b>
20	<b>GIPCE</b>
22	<b>Grupo de Tráfico e Seguridade</b>
24	<b>Cursos, Xornadas e Congresos</b>
25	<b>Comisión de Psicoloxía do Deporte</b>
25	<b>Comisión de Ética e Deontoloxía</b>

## Editorial

---

### **Día Internacional da Eliminación da Violencia Contra a Muller**

A terrible realidade emerxeu en novembro para evidenciar que o **25 de novembro** non é unha data conmemorativa máis: temos a obriga de reflexionar sobre por que está a fallar a loita contra a violencia machista, por que continúa este goteo de asasinatos, de agresións, de malos tratos que teñen a muller como vítima.

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia manifestamos o noso total rexeitamento a calquera forma de violencia física, psicolóxica ou sexual, exercida contra a muller, unha lacra que acumula máis de 800 mulleres asasinadas no conxunto do Estado desde 2003. E no que levamos de ano, estíbase que oito menores foron asasinadas e asasinados por mor da violencia machista, dos que cinco casos se atopan en investigación. Oito vítimas ás que hai que engadir 48 nomes máis de menores orfas e orfos que perderon as súas nais a mans, en moitos casos, dos seus propios pais. Unhas cifras tras as que se esconden as historias particulares, esnaquizadas pola expresión máxima da violencia contra a muller.

Cómpre poñer o foco especialmente e pola súa vulnerabilidade, nas fillas e fillos da muller que é vítima de violencia, para que poidan medrar lonxe do abuso, do maltrato, sen ver perigar as súas propias vidas. En dúas terceiras partes dos casos nos que unha muller é maltratada, o mesmo home exerce a violencia contra as súas fillas e fillos. As secuelas de medrar nun contexto de exposición á violencia de xénero son profundas e están contrastadas: ansiedade, depresión, patoloxías físicas e mentais, predisposición a sufrir/exercer violencia na adolescencia e na idade adulta, trastornos alimentarios, estrés protraumático,

dificultades no vínculo de apego... É preciso que o recoñecemento legal como vítimas traia consigo medidas concretas para que reciban unha atención integral.

O compromiso parte de cada quen de nós como parte da sociedade e especialmente, das Administracións públicas. No que vai de ano, 53 mulleres foron asasinadas en todo o Estado, 6 delas en Galicia, cifras semellantes ás doutros anos que revelan que non se está a avanzar nesta loita. Asasinatos ou tentativas, agresións, delitos machistas repulsivos que traspasan á esfera pública e que nos leva a constatar que a lacra da violencia permanece tan vixente como cando se implantou a Lei Integral contra a Violencia de Xénero en 2004.

O carácter «integral», recollido na propia lexislación, ten que ser tal. Cando un asasinato se consuma, non é resultado dun impulso: chega precedido dun longo período de dominación, de control, de violencia psicolóxica e de agresións físicas. Descargar todo o peso da loita contra a violencia machista na vítima e na súa denuncia é inútil, se non vai acompañada por medidas de protección e de apoio, tamén psicolóxico. Vendo como se está a encarrear a loita contra esta brutalidade, a situación precaria dos recursos que traballan en violencia de xénero, desbordados, con servizos subcontratados e completamente dispares segundo o territorio, fainos concluír que os poderes públicos aínda non entenderon «o contido teórico», as raíces da violencia de xénero de aí a ineficacia dos recursos operativos.

A superación da violencia machista pasa, ineludiblemente, por atallar a desigualdade histórica entre homes e mulleres, por romper co círculo do patriarcado. Mentres non se aborde cun compromiso real, seguiremos con medidas parciais e inefaces que non conducirán á fin desta terrible lacra.

Desde o COPG esiximos que se poñan en marcha políticas preventivas e de intervención psicolóxica nas idades máis temperás, para erradicar as desigualdades sobre as que se asenta a violencia contra a muller. As e os profesionais da Psicoloxía podemos contribuír con eficacia á prevención primaria, elaborando protocolos de detección e programas de intervención nos centros educativos e achegando pautas que contribúan a establecer valores de igualdade e a erradicar estereotipos machistas.

Non perdamos a oportunidade.

A decana, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada:

- Asistiu xunto coa coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero, responsable de Dinámica Sociocultural e vogal da Xunta de Goberno do COPG, Concepción Rodríguez Pérez, a unha reunión o 28 de outubro con Marta Lois González, concelleira responsable de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo de Santiago de Compostela, para tratar temas de interese relativos á psicoloxía da súa área, concretamente en materia de igualdade e tratamento da violencia de xénero, así como explorar vías de colaboración de cara aos actos do 25 de novembro.

- Reuníuse o 5 de novembro xunto coa coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade e vogal da Xunta de Goberno do COPG, Eva Muíño Gómez, co concelleiro responsable de Medio Ambiente e Convivencia de Santiago de Compostela, Xan Duro Fernández, para tratar temas de interese relativos á psicoloxía da súa área, concretamente vinculados coa seguridade e a educación viaria na cidade.

- Mantivo unha xuntanza o 10 de novembro con Susana López Abella, secretaria xeral de Igualdade, xunto coa coordinadora do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero (PAPMVX) do COPG, Fátima López Rodríguez, para tratar temas relativos ao convenio en materia de xénero e de colaboración entre ambas institucións.

- Participou na xornada do 18 de novembro «O sesgo machista na aplicación das políticas: o caso da xustiza», organizada por Esquerda Unitaria Europea e Esquerda Verde Nórdica, co relatorio «Violencia contra as mulleres: a mirada desde a psicoloxía para unha abordaxe integral», celebrada no Parlamento Europeo en Bruxelas.

- Mantivo unha reunión o 23 de novembro, xunto co tesoureiro do COPG, Miguel A. Chouza Ponte, coa directora xeral de Familia e Inclusión da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, M<sup>a</sup> Amparo González Méndez, e co director xeral de Xustiza da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia,



M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada  
e Marta Lois González



M<sup>a</sup> Rosa Álvarez  
no Parlamento Europeo

Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, Juan José Martín Álvarez, para tratar sobre os temas relativos aos convenios de mediación.

- Asistiu á presentación do vídeo-anuncio da campaña 25N Compostela en negro, que tivo lugar o 24 de novembro.
- O vicedecano, Hipólito Puente Carracedo, participou o 18 de novembro na Coruña na sinatura do Convenio de Mediación Intraxudicial Familiar da Coruña, entre o Consello Xeral do Poder Xudicial, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Política Social, o Ministerio Fiscal, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Colexio Oficial de Avogados da Coruña.



Sinatura do Convenio de Mediación Intraxudicial da Coruña

---

## En representación do Colexio

---

A decana, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, participou no acto de inauguración das «V Xornadas Galegas de Saúde Sexual: Diversidade Sexual: Tantas Sexualidades como Persoas», celebradas os días 6 e 7 de novembro en Pontevedra e organizadas pola Sociedade Galega de Sexoloxía.



M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada

M<sup>a</sup> Jesús López Cernadas, presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, asistiu o 21 de outubro á reunión da Mesa para Persoas sen Teito organizada pola Concellaría de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde do Concello de Santiago de Compostela. Na mesma Concellaría acudiu tamén o 29 de outubro á segunda mesa de traballo sobre persoas refuxiadas e o 13 de novembro a unha xuntanza para iniciar un proceso de traballo técnico para redefinir a regulación actual das axudas municipais de emerxencia e inclusión social.



M<sup>a</sup> Jesús López Cernadas

A Sección de PTO colaborou nas mesas de traballo para a elaboración do Pacto Local polo Emprego organizadas pola Concellaría de Economía, Emprego, Comercio e Turismo do Concello de Santiago de Compostela celebradas os pasados meses de setembro e outubro coa participación dos compañeiros José Manuel Campal

Fernández, nas mesas de Economía Social e Emprego Protexido; Israel Villar Enjo, nas mesas de Innovación e Emprendemento e Traballo Garantido e Carlos Montes Piñeiro nas mesas de Recursos Sociolaborais e Desigualdade de Xénero no Emprego.

---



Víctor Manuel Torrado Oubiña

Víctor Manuel Torrado Oubiña, vogal da Xunta de Goberno do COPG, asistiu o 23 de outubro á inauguración da nova oficina da Coruña de Previsión Sanitaria Nacional (PSN).

---

Miguel A. Chouza Ponte, membro da Xunta de Goberno do COPG, acudiu o 27 de outubro á «Xornada Informativa sobre os distintos programas en Penas e Medidas Alternativas» organizada pola Comisión de Penas y Medidas Alternativas (Comisión de PYMAL) do Consejo Social Penitenciario, celebrada en Madrid.

---



Mª Leonor Galiana Caballero

Mª Leonor Galiana Caballero, vicepresidenta da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía da Intervención Social, participou na reunión da sesión extraordinaria do pleno do Consello Galego de Benestar Social celebrada o 4 de novembro en Santiago de Compostela.

---

Eva Muíño Gómez, vogal da Xunta de Goberno e coordinadora do Grupo de Tráfico e da Seguridade do COPG, asistiu o 10 de novembro a unha reunión organizada polo Concello de Santiago de Compostela para a elaboración dun Pacto pola Mobilidade que se englobará dentro dun Plan de Mobilidade Sostible.

---

O día 2 de decembro Eva Muíño Gómez, vogal da Xunta de Goberno e coordinadora do Grupo de Tráfico e da Seguridade do COPG, asistiu á sesión «Área urbana e mobilidade» e José Manuel Campal Fernández, membro da Sección PTO do COPG, á sesión «Sociedade, emprego e marco competencial». Ambas sesións desenvolvéronse no marco das xornadas de traballo «Estratexia integrada de desenvolvemento urbano sostible da área urbana de Santiago de Compostela», organizadas polo Concello de Santiago de Compostela.

# O COPG e o Consejo General de la Psicología

---

A presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social, M<sup>a</sup> Jesús López Cernadas, asistiu o 6 de novembro á reunión da División Psicoloxía da Intervención Social do Consejo General de la Psicología en Madrid así como á reunión do Grupo de Traballo de Psicoloxía do Envellecemento do Consejo General de la Psicología, que se celebrou o 28 de novembro en Madrid.

---

M<sup>a</sup> Leonor Galiana Caballero, representante da Sección de Psicoloxía da Intervención Social asistiu ao «I Encontro Anual Interterritorial de División de Psicología de la Intervención Social» que se celebrou en Madrid o 6 de novembro.

---

A presidenta, vicepresidenta e vogal da Sección de Psicoloxía da Intervención Social, M<sup>a</sup> Jesús López Cernadas, M<sup>a</sup> Leonor Galiana Caballero e M. Elena Bastos Expósito respectivamente, asistiron o 7 de novembro á I Xornada Técnica de Psicoloxía da Intervención Social «A Psicoloxía da Intervención Social a debate», organizada polo Consejo General de la Psicología.

---

A decana, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, asistiu o 13 de novembro á «IV Xornada de Psicoloxía Clínica en Atención Primaria: Realidade Actual e Estratexias Futuras», organizada polo Consejo General de la Psicología, a Asociación Española de Psicología Conductual, a Sociedad Española de Psicología Clínica y de la Salud, a Fundación Mutua Madrileña e Psicofundación.

---

A coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero do COPG, Concepción Rodríguez Pérez, asistiu ás «VII Xornadas Nacionais de Psicoloxía contra a Violencia de Xénero: Avances na Intervención e a Investigación», e á posterior reunión do Grupo de Traballo de Psicoloxía e Igualdade de Xénero do Consejo General de la Psicología. Ambas actividades celebráronse en Sevilla o 27

## AVISO

---

### **Rexistro de psicólogos e psicólogas especialistas en Psicoloxía Clínica**

O COPG creou un rexistro de psicólogas e psicólogos especialistas en Psicoloxía Clínica para dar cumprimento ao estipulado no Real Decreto que crea e regula a Especialidade de Psicoloxía Clínica (Real Decreto 2490/1998 do 20 de novembro) e da Lei de Ordenación das Profesións Sanitarias (Lei 44/2003 de 21 de novembro).

Todas aquelas persoas colexiadas que teñan acadado esta titulación do Ministerio e aínda non a presentaron no COPG, terán que achegar unha copia compulsada do título de especialista para incorporala ao seu expediente colexial e quedar debidamente anotado no citado rexistro de especialistas. Para máis información contactar coa administración do COPG.



## VII Xornadas Nacionais de Psicoloxía contra a Violencia de Xénero



e 28 de novembro, e a elas tamén acudiu a decana do COPG, M<sup>ª</sup> Rosa Álvarez Prada, en calidade de coordinadora do Grupo de Psicología e Igualdad de Género e como relatora.

---



Hipólito Puente Carracedo

O vicedecano e representante da División de Psicología Educativa (PsiE), Hipólito Puente Carracedo, participou o 20 de novembro en Madrid no Consejo General de la Psicología no «XII Desayuno de Infocop». Neste «almorzo-coloquio» analizáronse as necesidades que ten o sistema educativo, os seus principais problemas e retos, e reflexionouse sobre que estratexias se poden levar a cabo para mellorar os seus resultados. Por outro lado, valorouse o modelo actual de Orientación Educativa e propuxéronse medidas para melloralo, incidindo nunha Orientación Psicolóxica Especializada, co obxecto de optimizar a resposta ás necesidades sentidas e expresadas nos centros educativos.

---

O Consejo General de la Psicología asinou un convenio co Ministerio do Interior, a través da súa Dirección General de Apoyo a Víctimas del Terrorismo, e entre as accións recollidas atópase a creación dunha Rede Estatal de Profesionais da Psicología para prestar atención psicolóxica a vítimas do terrorismo. A rede integra a máis de cen profesionais da psicología, varios deles e delas do noso Colexio, tras unha selección previa que o Consejo General de la Psicología solicitou de acordo aos requisitos de formación e experiencia.

## Alegacións presentadas polo COPG

---

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia presentou recurso de reposición contra as bases para a selección dun/dunha pedagogo/a ou psicopedagogo/a, dun/dunha fisioterapeuta e dun/dunha mestre/a especialista en audición e linguaxe, pedagogía terapéutica ou educación especial para o servizo «Aula de estimulación de nenos/as» para o curso 2015/2016 do Concello de Cangas, publicado o venres 9 de outubro de 2015 no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

---

## O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o 25 de novembro

---

Neste 25 de novembro, co gallo do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, o COPG desenvolveu varias iniciativas. Por unha banda, fixemos pública a nosa Declaración Institucional á que demos lectura o propio día na Galería Sargadelos, en Santiago de Compostela. Alí celebramos o cuarto Encontro de «VoZes Contra a Violencia», organizado pola Comisión de Xénero do Colexio, O recital poético este ano contou con Cruz Martínez, Iolanda Aldrei, Marilar Aleixandre, Rosanegra e Concha Rousía.

Tamén participamos na campaña 25N Compostela en negro, tras o convite da Cancellaría de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo do Concello de Santiago de Compostela coa que se vestiu de Negro a cidade entre o 19 e o 25 de novembro.

Ademais, puido visitarse na sede do Colexio a exposición «Historias de lobas», da colexiada Elena Ivonne Daprá Castro, coa muller como protagonista das súas fotografías.



A decana do COPG dando lectura á declaración institucional



IV Encontro de «VoZes Contra a Violencia»



Campaña «25N Compostela en negro»

## Asemblea Xeral de colexiados e colexiadas

---



Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiados do COPG

O 1 de decembro celebrouse sesión ordinaria da Asemblea Xeral de colexiados e colexiadas do COPG. Na xuntanza presentouse o informe de actividades levadas a cabo pola Comisión de Ética e Deontoloxía en 2015 e aprobáronse os orzamentos do COPG para 2016. Na Asemblea tamén se aprobou a cooptación dun novo membro da Xunta de Goberno do COPG, Rocío García Calvo, que foi nomeada como secretaria, con obxecto de suplir a baixa producida na mesma.

---

## Novas cotas colexiais en 2016

---

A Asemblea Xeral celebrada o 1 de decembro de 2015 aprobou os orzamentos do COPG para 2016 nos que se contempla unha suba das cotas colexiais de 4,20 euros por semestre. Esta é a primeira subida das cotas nos últimos cinco anos e a segunda desde 2007. Aínda así, a nova cota semestral (99 euros) sitúase moi por baixo da media das cotas establecidas no resto de Colexios integrados no *Consejo General de la Psicología* e a máis de vinte euros semestrais de diferenza das cotas máis elevadas. O reforzo do cadro administrativo, integrado nestes momentos por sete profesionais, para unha mellor atención a todos os colexiados e colexiadas, e os importantes retos que temos por diante coa vista posta na celebración este ano 2016 do III Congreso de Psicología Profesional de Galicia, son motivos máis que suficientes para xustificar unha revisión das cotas.

Lembramos ademais que o COPG foi un dos poucos colexios que expediu gratuitamente aos seus colexiados e colexiadas as certificacións necesarias para solicitar a acreditación de exercicio profesional en psicología sanitaria.



## O Colexio amplía o seu horario de atención ao público

---

Neste 2016 o Colexio cambia o seu horario de atención ao público para dar un mellor servizo aos colexiados e colexiadas, que pasará a ser ininterrompido. Durante o inverno e de luns a xoves, o horario de apertura será de 9:00 h ata as 20:00 h, mentres que o venres se manterá de 9:00 a 15:00 horas. Isto significa unha ampliación dunha hora do que se viña ofrecendo ata a actualidade, un total de 11 horas continuadas de atención ao público, coa intención de que os colexiados e colexiadas teñan unha maior facilidade á hora de realizar as súas xestións.

---

## Rosa de Cen Follas

---

O 1 de decembro fíxose o acto de entrega dos premios do VIII Edición do concurso literario do COPG Rosa de Cen Follas. Na modalidade de poesía, a galardoada este ano é María Azucena Rey Torrente, mentres que na categoría de narrativa, a autora recoñecida é Gisela Mato Rivera. Tamén se fixo entrega dunha mención a Elena M<sup>a</sup> González Toimil. A decana do COPG, M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada, e o vicedecano, Hipólito Puente Carracedo, fixeron entrega dos recoñecementos, acompañados dun premio en metálico para as premiadas en cada modalidade e da tradicional rosa conmemorativa.

## AVISO

---

Aquelas persoas colexiadas que teñan inquietudes relacionadas coa fotografía, pintura ou escultura, teñen á súa disposición a sede colexial para expoñer as súas obras.

As persoas interesadas a tal efecto poden contactar coa Administración do Colexio.



Acto de entrega dos premios do VIII Edición do concurso literario do COPG Rosa de Cen Follas

## Medios de comunicación


---

Xa somos  
2879 colexiadas  
e colexiados


Desde o **Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia** difundíronse entre os medios de comunicación, tanto de prensa escrita como audiovisual, distintas notas de prensa. A relación dos comunicados pode ser consultada nos seguintes enlaces da páxina web do Colexio: <http://copgalicia.gal/comunicacion/prensa> e <http://copgalicia.gal/comunicacion/o-copg-nos-medios>.

O COPG está presente nas principais redes sociais.

De seguido reproducense os enlaces de acceso ás mesmas:

 <http://www.facebook.com/copgalicia>

 [www.twitter.com/copgalicia](http://www.twitter.com/copgalicia) / @copgalicia

 <http://www.linkedin.com/groups/Colexio-Oficial-Psicolox%C3%ADA-Galicia-4811703/about>

## Taboleiro de avisos

---

No Boletín Oficial do Estado do 17 de novembro de 2015 publícase a Orde SSI/2420/2015, do 11 de novembro, pola que se actualiza o catálogo homoxéneo de equivalencias das categorías profesionais do persoal estatutario dos servizos de saúde.

Máis información:

<https://www.boe.es/boe/dias/2015/11/17/pdfs/BOE-A-2015-12403.pdf>

### Teño a obriga de colexiarme?

No conxunto do Estado español, é un **requisito indispensable** para o exercicio da profesión da psicoloxía estar incorporado ao Colexio Profesional correspondente. Todos os psicólogos e psicólogas que exerzan no ámbito público ou privado e baixo calquera fórmula de contratación, teñen esta obriga.

**Este requisito recóllese do artigo 3.2 da Lei de Colexios Profesionais despois da reforma operada pola Lei 25/2009 (Lei Ómnibus), que mantén as obrigas viventes.**

### Novo enderezo electrónico: somos .gal

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia ten desde o mes de setembro un novo enderezo na rede: podes visitarnos en [www.copgalicia.gal](http://www.copgalicia.gal) e escribirnos a [copgalicia@copgalicia.gal](mailto:copgalicia@copgalicia.gal). Así integrámonos no dominio .gal, co fin de contribuír a crear unha identidade comunitaria tamén na rede.

**Lembra que realizamos a meirande parte das nosas comunicacións a través do correo electrónico, así que para garantir que non rematen na carpeta de SPAM, engade o noso enderezo aos teus contactos.**

### O teu número de colexiación ten moito valor: faino ver

O teu número de colexiación acredítate como profesional diante da sociedade: é o mellor aval para garantir que cumpres coa titulación e cos requisitos legais para exercer como psicólogo ou psicóloga, sexa cal sexa a túa especialidade ou área de traballo.

Faino público nos informes que elabores, no teu espazo de traballo, nas túas comunicacións...

## INFORMACIÓN DAS SECCIÓN

A información que aparece neste apartado é elaborada e remitida por cada *Sección*, *Comisión* ou *Grupo de Traballo* do COPG tendo como data límite o 15 de cada mes par.

---

## SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL

---

### **Creación do Grupo de Traballo de Psicoloxía do Envellecemento**

A directiva da Sección de Intervención Social do COPG aprobou, na asemblea do 4 de xullo de 2015, a proposta de creación do Grupo de Traballo de Psicoloxía do Envellecemento.

O devandito grupo está composto polos colexiados e colexiadas Cristina Lojo Seoane, Arturo José Pereiro Rozas, Pedro Santamaría Gargamala, Guadalupe Oroña, Beatriz Gil Rodríguez, Noelia Martínez Villaverde, Sonia Ramos Lema, Pilar Rodríguez Somoza e Olivia Losada Díez. Todos son psicólogos e psicólogas especialistas en psicoxerontoloxía.

Un dos obxectivos prioritarios deste Grupo de Traballo é crear documentación informativa na que se concreten as funcións do psicoxerontólogo/a en centros ou servizos de atención ás persoas maiores, así como explicar cal é a formación específica que deben de ter estes e estas profesionais para diferenciarse doutras especialidades psicolóxicas. Así mesmo, quere defender a súa profesión como unha especialidade dentro do ámbito da intervención social e establecer colaboracións con outros organismos profesionais do ámbito xerontolóxico e xeriátrico para participar conxuntamente en campañas divulgativas sobre a atención adecuada ás persoas maiores. Outro dos obxectivos marcados por este Grupo de Traballo é ofrecer aos socios e socias da Sección de Intervención Social do COPG, polo menos unha xornada anual sobre psicoxerontoloxía.

### **Nova directiva da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG**

Unha vez que o pasado 15 de outubro de 2015 a comisión electoral do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, procedeu á proclamación definitiva da nova xunta directiva da Sección de Psicoloxía da Intervención Social, esta iniciou a nova andaina para seguir defendendo o papel das psicólogas e psicólogos nos equipos multidisciplinares dos servizos e organismos de atención

---

## AVISOS

### **Títulos de Licenciatura ou Grao en Psicoloxía**

Lembramos a todas as persoas que se colexiaron co depósito do título de licenciatura ou grao e que aínda non presentaron o título orixinal, que deberán facelo á maior brevidade posible para o seu rexistro.

Deberán traer orixinal e copia, ou enviar unha fotocopia compulsada para archivar no seu expediente colexial.

### **Renovación de carnés**

Se o teu carné está caducado ou caduca en breve, solicita a súa renovación na Administración do Colexio, por teléfono ou por e-mail.

Nova Xunta Directiva da  
Sección de Psicoloxía da  
Intervención Social



social: centros de menores, servizos e centros para persoas dependentes, servizos para vítimas de violencia de xénero e servizos sociais dos Concellos.

A nova directiva continuará loitando por dar valor ás distintas especialidades da psicoloxía da intervención social, así como organizando accións formativas que permitan ás socias e socios desta Sección seguir aprendendo e compartindo as súas experiencias profesionais con outros Colexiados e Colexiadas.

### **Xornada informativa «Atención psicolóxica ás persoas refuxiadas»**

Debido ao interese mostrado por algúns Colexiados e Colexiadas en formar parte dun posible «Servizo de atención psicolóxica a persoas refuxiadas do COPG», a Sección de Psicoloxía da Intervención Social organizou, o sábado 28 de novembro, unha xornada informativa sobre a «Atención psicolóxica ás persoas refuxiadas».

A xornada, coordinada por M<sup>a</sup> Jesús López Cernadas, desenvolveuse no salón de actos da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. Contou coa mediadora intercultural Gemma Vilas Martínez para falar do «perfil diferencial das persoas estranxeiras que chegan a Galicia». Ademais, o coordinador de Cruz Vermella Galicia, Joaquín Varela Riera, explicou que é o «Estatuto das persoas refuxiadas».

Tendo en conta o éxito desta xornada, que acolleu a unhas 50 persoas, a Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG quere organizar formación específica sobre a atención psicolóxica a persoas refuxiadas na maior brevidade posible.

*Enlace ao apartado da  
Sección de Psicoloxía da  
Intervención Social da  
páxina web do COPG:  
[http://copgalicia.gal/  
seccions/intervencion-  
social](http://copgalicia.gal/seccions/intervencion-social)*

---

## SECCIÓN DE PSICOLOXÍA XURÍDICA

---

O sábado 28 de novembro tivo lugar na sede do COPG unha actividade formativa que ofreceu unha visión multidisciplinar sobre as/os menores infractores. O relator principal foi o profesor da Universidad de Oviedo, Francisco Javier Rodríguez Díaz, especialista no estudo científico da conduta violenta e conflitiva en menores, así como a análise de estratexias de intervención desde o medio penitenciario e tamén no medio escolar desde unha perspectiva psicosocial, optimizadora e preventiva.

O profesor Rodríguez fixo unha aproximación aos principios teóricos e aplicados da psicoloxía xurídica do/da menor así como ás bases da intervención educativa centrándose na situación do/da menor infractor/a durante o proceso xudicial e na aplicación das distintas medidas que a actual lei contempla. A xornada de tarde rematou cunha mesa redonda na que participaron, ademais do profesor Rodríguez Díaz, Juan Carlos Aladro Fernández (Fiscal xefe provincial de Pontevedra), Juan Luis Basanta Dopico (psicólogo do Equipo Técnico do Xulgado de Ourense) e Duarte Crestar Pena (director do Centro de Intervención Educativa no Medio Aberto - CIEMA da Coruña).

Segundo as persoas participantes, esta formación resultou altamente enriquecedora, tanto na parte expositiva como na visión multidisciplinar que os participantes da mesa redonda conseguiron achegar.

---



Xornada «Psicoloxía xurídica do menor: unha visión multidisciplinar»

*Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía Xurídica da páxina web do COPG:  
<http://copgalicia.gal/seccions/xuridica>*

---

## SECCIÓN DE PSICOLOXÍA E SAÚDE

---

Os días 19, 20 e 21 de novembro celebráronse no Pazo de San Marcos de Lugo as **XX Xornadas da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG**, co título «**Identidade e personalidade: de que estamos a falar?**». Houbo 74 persoas inscritas e a valoración xeral foi positiva. Foi unha oportunidade para reflexionar e aprender, entre outros temas, sobre o desenvolvemento da





XX Xornadas da Sección de Psicoloxía e Saúde

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía e Saúde da páxina web do COPG: <http://copgalicia.gal/seccions/psicologia-e-saude>

personalidade, a súa relación coa violencia ou o traballo con trastornos de personalidade en comunidade terapéutica e contar ademais coa participación de profesionais doutros ámbitos que fixeron achegas ben interesantes.

**Sabela Bermúdez Míguez** e **Jorge García Fernández** acadaron o premio á mellor comunicación libre pola súa exposición «Análise cualitativa das habilidades de escoita activa sobre unha mostra de profesionais sanitarios» e **Eduardo Martínez Lamosa** e **Francisco Díaz Sánchez** foron premiados por presentar o mellor póster das Xornadas, titulado «Análise da demanda na USM Infanto-Xuvenil de Ferrol 2014».

No transcurso das Xornadas tivo lugar a presentación do número 8 do *Anuario Psicoloxía e Saúde*, por parte da súa directora **Marta González Rodríguez**. Este ano o seu título é «O amor» e está dispoñible para a súa descarga na pestana de publicacións da nosa Sección, dentro da web do COPG.

### Formación prevista

Desde a Sección de Psicoloxía e Saúde estamos a traballar nas propostas de formación para o ano 2016.

O Grupo de Traballo de Neuropsicoloxía ten previsto ofertar os vindeiros 19 e 20 de febreiro o curso «Alteracións condutuais e emocionais en persoas con dano cerebral adquirido. Avaliación e programas de intervención neuropsicolóxica». Terá unha duración de 12 horas e será impartido en Santiago de Compostela por **Sandra Ruibal Álvarez**, doutora en psicoloxía e neuropsicóloga na Unidade de Dano Cerebral do Centro de Promoción da Autonomía Persoal de Bergondo (A Coruña). A coordinación do curso estará a cargo de **Vanessa Vilas Riotorto**, coordinadora do Grupo.

En febreiro, os días 26 e 27 impartirase en Lugo o curso «Trauma e apego en trastornos alimentarios». A docente será **Natalia Seijo Ameneiros**, psicóloga experta en trauma complexo e disociación e directora do Centro de Psicoterapia e Trauma Natalia Seijo. **Delia Guitián Rodríguez**, vicepresidenta da Sección de Psicoloxía e Saúde, fará os labores de coordinación.

Animámosvos a que nos enviades suxestións sobre temas que sexan do voso interese.

---

## SECCIÓN DE PSICOLOGÍA EDUCATIVA

---

A presidenta da Sección, Manuela del Palacio García, participou o 11 de novembro na reunión do comité organizador onde se concretaron os relatorios para o III Congreso Profesional de Psicología de Galicia achegando as propostas da Sección de Educativa, xunto con Hipólito Puente Carracedo e Olegaria Mosqueda Bueno.

A Xunta Directiva da Sección está a elaborar un informe, que poña de manifesto as dificultades atopadas nas solicitudes das Becas do Ministerio de Educación para o alumnado con necesidades educativas especiais e que, xunto con outras propostas da Sección se lle farán chegar ao Conselleiro de Educación cando o COPG mantexa a entrevista que ten programada.

A Sección está a organizar para os días 22 e 23 de xaneiro de 2016 o obradoiro «Prevención, diagnóstico e intervención en dislexia», que se desenvolverá no Salón de Actos do COPG a través de casos prácticos. Será impartido por Iria Calleja Barcia, psicóloga e profesora da UNED de Pontevedra.

*Enlace ao apartado da Sección de Psicología Educativa da páxina web do COPG:  
<http://copgalicia.gal/seccions/educativa>*

---

## SECCIÓN DE PSICOLOGÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

---

### **Planificación da Sección PTO para o ano 2016**

O pasado 27 de novembro celebrouse a reunión da coordinadora da Sección para planificar o calendario de actividades para o ano 2016 e tratar diversas cuestións relativas ao desenvolvemento de obxectivos dos seus grupos de traballo interno. O citado calendario, entre outras actividades formativas, contempla sesións de traballo relacionadas coa saúde e benestar ocupacional, mediación e conflito, un foro sobre políticas de recursos humanos nas organizacións, un obradoiro sobre avaliación psicolóxica de mergulladores profesionais e sesións formativas sobre psicología e coaching.

Reunión da Xunta Directiva  
da Sección PTO



Por outra parte, dentro do acordo marco de colaboración co Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) da Xunta de Galicia a partir de marzo perfiláranse accións formativas en temas de seguridade e saúde no traballo. Ao mesmo tempo significar que o Grupo de Traballo sobre Psicoloxía e Coaching marcou entre os seus obxectivos para o ano 2016 a creación do proceso de acreditación profesional.

### **Sesión interactiva con estudantes**

A Sección pechou o seu ciclo de actividades do ano 2015 coa súa colaboración nunha sesión interactiva co alumnado da Universidade de Santiago de Compostela celebrada o 2 de decembro no salón de actos da Facultade de Psicoloxía, onde Israel Villar Enjo, coordinador do Grupo «Psicoloxía e Coaching» debateu sobre a práctica do coaching en Galicia, o psicólogo ou psicóloga experta en coaching e a súa avaliación e desenvolvemento nas organizacións.

### **Congreso Internacional de Psicoloxía do Traballo e Recursos Humanos**

Promovido polo Consejo General de la Psicología e organizado polo Colegio Oficial de Psicólogos de Madrid, estanse ultimando os contidos deste Congreso que terá lugar en Madrid o vindeiro mes de xuño co lema «Comprometendo a persoas e a organizacións». As seis áreas temáticas iniciais serán: talento e diversidade; emprego e desenvolvemento; avaliación de persoas e contextos; tecnoloxía e persoas; saúde e benestar; e liderazgo, compromiso e desemprego.

Información: [www.congresopsicologiayrrhh.com](http://www.congresopsicologiayrrhh.com)

*Enlace ao apartado da  
Sección de Psicoloxía do  
Traballo e das Organizacións da páxina web do  
COPG: <http://copgalicia.gal/secciones/traballo-e-das-organizacions>*



## GRUPO DE INTERVENCIÓN PSICOLÓGICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS (GIPCE)

Seminario III: Repensando e abrindo o foco en naufraxios e desaparicións no mar

### Formación interna

O 7 de novembro realizouse o «Seminario III: Repensando e abrindo o foco en naufraxios e desaparicións no mar», no que se revisaron as intervencións do GIPCE nese ámbito que tiveron lugar durante o 2014 e 2015 en Galicia.

### Formación externa

O 24 de novembro Ana Isabel Martínez Arranz participou como relatora na «Xornada de sucesos con múltiples vítimas» organizada pola Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) da Xunta de Galicia, na que falou do papel do psicólogo/psicóloga nestas situacións.

Os días 25 e 26 de novembro María Carou López impartiu o «Curso sobre apoio psicolóxico básico e manexo do estrés nos intervinientes en situación crítica, de emerxencia ou catástrofe» na AGASP dirixido a persoal de emerxencias. Con este curso rematamos o ano de colaboración coa AGASP cun total de dez cursos de formación aos distintos intervinientes en emerxencias e forzas e corpos de seguridade. O número total de horas impartidas neste 2015 ascendeu a 168.

Durante os días 27 e 28 de novembro, Ana Isabel Martínez Arranz impartiu no Col.legi Oficial de Psicología de les Illes Balears



Curso impartido no *COP Illes Balears* sobre a intervención do GIPCE no accidente de tren Alvia



Presentación da  
Guía de Autocoidado  
para Intervinientes

*Enlace ao apartado do  
GIPCE da páxina web  
do COPG:  
[http://copgalicia.gal/  
grupos-comisions/gipce](http://copgalicia.gal/grupos-comisions/gipce)*

### Informacións

O pasado 24 de novembro a coordinadora do GIPCE, durante a Xornada de sucesos con múltiples vítimas, celebrada na AGASP, presentou a **Guía de Autocoidado para Intervinientes** que foi publicada polo GIPCE coa colaboración da Academia Galega de Seguridade Pública. É posible consultala en galego, castelán e inglés a través do seguinte enlace coa páxina web do COPG <http://copgalicia.gal/grupos-comisions/gipce/documentacion>  
O día 15 de decembro M<sup>a</sup> Luz Losada Somoza asistiu a unha xuntanza no aeroporto de Peinador en Vigo polo Plan de Auto-protección Externo.



Colexio Oficial de  
Psicoloxía de Galicia

ASESORÍAS

### XURÍDICA

#### **Dona Cecilia Barros Díaz**

Tfno.: 981 894 601

[Martes de 17.00 a 20.00 horas]

Fóra deste horario poderanse realizar as consultas a través do enderezo de correo electrónico [a.xuridica@protexdat.com](mailto:a.xuridica@protexdat.com)

### FISCAL

#### **D. José Luis Iglesias Sexto**

Tfno.: 981 588 770

[Venres de 9.00 a 13.00 horas]



## Informacións

Continuando co desenvolvemento das Xornadas de Concienciación deste ano estanse levando a cabo as últimas sesións dos grupos de Ferrol e Santiago de Compostela. Así mesmo, o programa Psicovial 2015/2016 tamén continua o seu desenvolvemento en Ourense, atopándose neste momento na metade das sesións de intervención grupal.

### III Xornadas Galegas de Psicoloxía do Tráfico e da Seguridade

O día 12 de decembro levamos a cabo as III Xornadas Galegas do Tráfico e da Seguridade, que tiveron lugar na Escola Galega de Administración Pública en Santiago de Compostela.

Desenvolveuse un programa intenso coa participación dunha considerable representación do colectivo, xunto coa presentación de todas as intervencións que durante a última década e ata o momento se levan realizando no Grupo de Tráfico e da Seguridade do COPG.

Resultaron de moito interese os relatorios relacionados coa seguridade viaria, en concreto sobre as distraccións e a condución de persoas maiores, así como as novas medidas e programas para intervir con penados por delitos relacionados coa mobilidade.

Como conclusións, destacar o importante papel desenvolvido polos profesionais durante as intervencións desde a psicoloxía do tráfico e da seguridade viaria nos distintos programas: carné por



III Xornadas Galegas de Psicoloxía do Tráfico e da Seguridade

puntos, centros de recoñecemento, Xornadas de Concienciación, Sevime, Psicovial, acadando unha máis que aceptable satisfacción cos resultados obtidos, se ben seguimos reivindicando máis programas e, sobre todo, máis tempo de intervención das e dos profesionais da psicoloxía do tráfico e da seguridade viaria, como é no caso da ridícula intervención no carné por puntos.

Así mesmo, poñer en valor a importancia dos proxectos de investigación, tanto para avaliar instrumentos con penados como de screening na condución con persoas maiores.

Neste sentido **solicítase** aos colexiados e colexiadas membros do Grupo de Tráfico e da Seguridade do COPG que teñan interese na colaboración para a recollida de datos, nolo comuniquen antes de finais de xaneiro de 2016 no enderezo do Grupo: grupotrafico@cop.es, especificando:

- Investigación con condutoras e condutores maiores.
- Investigación condutores e condutoras penadas.

Enlace ao apartado do Grupo de Tráfico e Seguridade da páxina web do COPG:  
<http://copgalicia.gal/grupos-comisions/trafico-e-seguridade>

## ÚLTIMOS COLEXIADOS E COLEXIADAS DE GALICIA

G-04735	M. Concepcion	Canto Rancaño
G-05223	Ines	Junquera Rodriguez
G-05467	Estibaliz	Villardefrancos Pol
G-05468	Nuria	Garrido Carballido
G-05469	Gisselle Maria	Martinez Pedrera
G-05470	Iria	Santos Nuñez
G-05471	Purificacion	Choren Pena
G-05472	Beatriz	Piñeiro Alsina
G-05473	Ana	Franco Pardal
G-05474	Noa	Pereiro Lopez
G-05475	Paloma	Campos Aguerre
G-05476	Jennifer Mercedes	Ruibal Barrios
G-05477	Sofia Carolina	Camilo Lado
G-05478	Belen	Otero Arias
G-05479	Olga Agnieszka	Marciniak
G-05480	Ivan	Pico Martinez
G-05481	Jose Antonio	Pociña Lema
G-05482	Tamara	Lopez Osorio
G-05483	Patricia	Lacunza Elizalde
00003AS	Antonio	Fuertes Saavedra

## CURSOS, XORNADAS E CONGRESOS

### Servizo de Información de interese para os colexiados e colexiadas

*O COPG non asume –agás nos casos en que sexa o organizador– nin o contido nin a metodoloxía dos cursos que se relacionan nesta Circular.*

*Pódense consultar os cursos, xornadas e congresos que non son organizados polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia no apartado de Formación Externa no seguinte enlace da páxina web do COPG:*

**[www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=1](http://www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=1)**

### VINDEIRAS ACTIVIDADES FORMATIVAS DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

ORBRADOIRO: FORMACIÓN EN AVALIACIÓN FORENSE E PERICIAIS

*Datas:* 16 de xaneiro de 2016

*Lugar:* Santiago de Compostela

*Organiza:* Sección de Psicoloxía Xurídica do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

ORBRADOIRO: PREVENCIÓN, DIAGNÓSTICO E INTERVENCIÓN EN DISLEXIA

*Datas:* 22 e 23 de xaneiro de 2016

*Lugar:* Santiago de Compostela

*Organiza:* Sección de Psicoloxía Educativa do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

SESIÓN DE TRABALLO: EQUIPOS DE TRABALLO E RETOS ORGANIZATIVOS DA SECCIÓN PTO

*Datas:* 30 de xaneiro de 2016

*Lugar:* Santiago de Compostela

*Organiza:* Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

CURSO: ALTERACIÓNS CONDUTUAIS E EMOCIONAIS EN PERSOAS CON DANO CEREBRAL ADQUIRIDO. AVALIACIÓN E PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN NEUROPSICOLÓXICA

*Datas:* 19 e 20 de febreiro de 2016

*Lugar:* Santiago de Compostela

*Organiza:* Sección de Psicoloxía e Saúde do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

CURSO: TRAUMA E APEGO EN TRASTORNOS ALIMENTARIOS

*Datas:* 26 e 27 de febreiro de 2016

*Lugar:* Lugo

*Organiza:* Sección de Psicoloxía e Saúde do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

SESIÓN FORMATIVA: AVALIACIÓN PSICOLÓXICA EN MERGULLO PROFESIONAL

*Datas:* 5 de marzo de 2016

*Lugar:* Santiago de Compostela

*Organiza:* Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

SESIÓN FORMATIVA: PSICOLOXÍA E COACHING

*Datas:* 12 de marzo de 2016

*Lugar:* Santiago de Compostela

*Organiza:* Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

III CONGRESO DE PSICOLOXÍA PROFESIONAL DE GALICIA

*Datas:* 2, 3 e 4 de xuño de 2016

*Lugar:* Pazo de Congresos de Santiago de Compostela

*Organiza:* Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia



## COMISIÓN DE PSICOLOGÍA DO DEPORTE

A Federación Española de Psicología del Deporte celebrará en Valencia, do 30 de marzo ao 2 de abril de 2016 o XV Congreso Nacional de Psicología da Actividade Física e do Deporte e o I Encontro Internacional Adestramento Mental no Deporte, co lema: «Cara a unha xestión mental óptima no deporte moderno».

Información: <http://congresopsicologiadeldeporte.com/>

*Enlace ao apartado da Comisión de Psicología do Deporte da páxina web do COPG: <http://copgalicia.gal/grupos-comisions/psicologia-do-deporte>*

## COMISIÓN DE ÉTICA E DEONTOLOXÍA

Os membros da Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG, xunto con José Luís Rodríguez-Arias Palomo, ex presidente da mesma, e Cecilia Barros Díaz, asesora xurídica do COPG, impartiron un ano máis a asignatura «Ética e Deontoloxía» para o alumnado de 4º curso de Grao da Facultade de Psicología da USC. Esta actividade encádrase no marco do convenio asinado polo COPG coa Facultade de Psicología. A formación levouse a cabo durante os meses de outubro e novembro do presente ano cun total de 20 horas lectivas.

### Artigo Nº 25

Cando se faga cargo dunha intervención sobre persoas, grupos, institucións ou comunidades, o/a psicólogo/a ofrecerá a información adecuada sobre as características esenciais da relación establecida, os problemas que está abordando, os obxectivos que se propón e o método utilizado. No caso de menores de idade ou legalmente incapacitados, farase saber aos seus pais ou titores. En calquera caso, evitarase a manipulación das persoas e tenderase cara á consecución do seu desenvolvemento e autonomía.

### Artigo Nº 48

Os informes psicolóxicos haberán de ser claros, precisos, rigorosos e intelixibles para o seu destinatario. Deberán expresar o seu alcance e limitación, o grao de certeza que sobre os seus varios contidos teña o informante, o seu carácter actual ou temporal, as técnicas utilizadas para a súa elaboración, facendo constar en todo caso os datos do profesional que o emite.



*Enlace ao apartado da Comisión de Ética e Deontoloxía da páxina web do COPG: <http://copgalicia.gal/grupos-comisions/comision-de-etica-e-deontoloxia>*


# III Congreso de Psicología Profesional de Galicia

Xa podes consultar o avance do programa do III Congreso de Psicología Profesional de Galicia «Os Camiños da Psicología», que estamos a organizar desde o Colexio e que se celebrará os días 2, 3 e 4 de xuño de 2016. Trátase dunha programación ambiciosa e ampla que confiamos en que sexa do teu interese e que explora os diferentes eidos da psicología. Lembra que se te inscribes por adiantado podes beneficiarte de importantes descontos.

Podes seguir a actualidade do Congreso a través das súas propias redes sociais:

**Twitter:** <https://twitter.com/caminhosdapsi>

**Facebook:** <https://www.facebook.com/caminhosdapsicologia>



## CAMIÑOS DA PSICOLOGÍA

III Congreso de Psicología Profesional de Galicia 2016

Organiza: Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia

*No Colexio Oficial de Psicología de Galicia enfocamos este Congreso autonómico como un fito na historia e no desenvolvemento científico da psicología na nosa Comunidade. Este encontro será unha importante oportunidade para expoñer a actualidade e o futuro da psicología en Galicia, realizar a nosa achega ao desenvolvemento científico desta disciplina. Santiago de Compostela será o punto de encontro no que conflúan os camiños da psicología e agardamos que alí nos atopemos.*

M<sup>a</sup> Rosa Álvarez Prada  
Presidenta do III Congreso de Psicología  
Profesional de Galicia

Víctor M. Torrado Oubiña  
Presidente do Comité Organizador

## Avance do programa do III Congreso de Psicoloxía Profesional de Galicia


Lugar: Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia, Santiago de Compostela

### Venres 3 de xuño

Hora	Sala Santiago	Sala 2	Sala 3	Sala 4
09:00	Conferencia 3: <i>O fallo humano</i>	Simposio 1: <i>Menores en conflito social</i>	Simposio 19: <i>Mediación I</i>	Simposio Comunicaci3ns 1
10:30	Simposio 3: <i>Psicoloxía e coaching</i>	Conferencia 1: <i>Programa me- nores infractores: intervenci3n educativa e terap3utica</i>	Simposio 13: <i>Psicoloxía e atenci3n primaria de sa3de</i>	Conferencia 8: <i>Novas realidades en intervenci3n social</i>
12:00	Acto Inaugural			
12:30	Conferencia Inaugural Conferencia 2: <i>Menores en situaci3n de risco e desamparo</i>			
13:30	Simposio 2: <i>Protecci3n da infancia e da adolescencia</i>	Conferencia 6: <i>Investigaci3n sobre as consecuencias psicol3xicas en v3ctimas de desastres</i>	Simposio 9: <i>Intervenci3n en violencia de x3nero</i>	Simposio 23: <i>Profesi3n e sociedade: criterios 3ticos</i>
15:00	Conferencia 12: <i>Pasado, presente e futuro da psicoloxía educativa</i>	Simposio 20: <i>Mediaci3n II</i>	Simposio 22: <i>Abrindo cami3o</i>	Simposio Comunicaci3ns 2
16:30	Simposio 14: <i>Trauma e apego</i>	Simposio 16: <i>Intervenci3n social</i>	Conferencia 7: <i>A relaci3n do/a psic3logo/a educativo/a coas familias</i>	Simposio 7: <i>Empregabilidade, innovaci3n e emprendemento en psicoloxía</i>
18:00	Conferencia 10: <i>Perfilaci3n psicol3xica na pr3ctica forense de delitos violentos</i>	Simposio 17: <i>Achegas da psicoloxía 3 atenci3n temper3</i>	Conferencia 9: <i>Achegas da psicoloxía ao desenvolvemento do talento deportivo</i>	Simposio 18: <i>Diversas vidas, mortes diversas: a axuda no final</i>

### S3bado 4 de xu3o

Hora	Sala Santiago	Sala 2	Sala 3	Sala 4
09:00	Simposio 12: <i>Suicidio</i>	Simposio 10: <i>Violencia na educaci3n / Educaci3n violenta</i>	Simposio 6: <i>Experiencias PTO en sectores estrat3xicos da economía galega</i>	Simposio Comunicaci3ns 3
10:30	Conferencia 4: <i>Unha ollada sobre a vellez</i>	Conferencia 5: <i>O futuro da psicoloxía en seguridade viaria</i>	Simposio 11: <i>Orientar en educaci3n</i>	Simposio 21: <i>Neuropsicoloxía</i>
12:00	Simposio 4: <i>Psicoloxía e corrupci3n</i>	Simposio 8: <i>Psicoloxía do tr3fico en Galicia</i>	Simposio 5: <i>Investigaci3n beca Siota</i>	Simposio 15: <i>Envellecer hoxe</i>
13:30	Conferencia 11 (clausura): <i>Neurociencia e retos en psicoloxía</i>			
14:30	Acto clausura			



Colexio Oficial de  
Psicoloxía de Galicia

Rúa da Espiñeira, 10-Baixo  
15706 Santiago de Compostela  
Tfno.: 981 534 049  
Fax: 981 534 983  
copgalicia@copgalicia.gal  
www.copgalicia.gal

#### HORARIO


##### Inverno

*Do 1 de outubro ao 31 de maio*  
De luns a xoves de 9.00 a 20.00 h,  
e os venres de 9.00 a 15.00 h

#### Redes sociais

 **Facebook:**  
[www.facebook.com/copgalicia](http://www.facebook.com/copgalicia)

 **Twitter:** @copgalicia

 **LinkedIn:** [www.linkedin.com](http://www.linkedin.com)  
(Grupo: Colexio Oficial  
de Psicología de Galicia)

#### Membro da EFPA

Federación Europea de  
Asociacións Profesionales  
de Psicólogos